

Bat Pat

Roberto Pavanello
Traducción Ana Andrés
Leó.

Colección Bat Pat.
Editorial Montena

216 páxinas. Lectores
dende os 7 anos

Nova entrega da colección de novelas para público infantil protagonizada por Bat Pat, un morcego detective e escritor, que reside no sobrado da casa da familia Silver e vive escalofriantes aventuras cos tres fillos: Rebecca, Martin e Leo. Os relatos de Bat Pat comenzaron co abandono do seu fogar nun cemiterio para instalarse na casa dos Silver, e dende alí enfrontarse a momias, homes lobos, meigas e bruxas, pantomas e outros espíritos. Os seus libros tamén ofrecen varias páxinas de actividades lúdicas e pedagóxicas sobre os morcegos e as aventuras que acaban de vivir no libro.



O león Kandinga


Boniface Ofogo

Ilustracións: Elisa
Arguilé. Traducción de
Silvia Pérez

Kalandraka Editora
Lectores dende 7 anos



Este libro foi un dos gañadores da segunda edición do concurso internacional CJ Picture Awards na categoría de Novas Publicacións. Neste apartado competían 635 libros de 39 países. A organización deste certame vén de participar na Feria Internacional do Libro Infantil e Xuvenil de Boloña, cun stand no que amosou as obras premiadas. A historia de Kandinga atesoura a sabedoría dos pobos africanos, a súa milenaria tradición oral e a riqueza da súa cultura. Un relato que invita a unha viaxe imaxinaria ata a recóndita sabana para coñecer os seus habitantes: crocodrilos, elefantes...



A cripta do Apóstolo

Pere Tobaruela

Colección Fóra de Xogo. Edicións Xerais

344 páxs.


Esta novela de Pere Tobaruela (Barcelona, 1965) é unha aventura desenvolvida no Camiño de Santiago. Un grupo de mozas e mozos, peregrinos do século XXI, percorreren un itinerario cultural fascinante que os levará dende Sompport, o porto de montaña do Pirineo aragonés preto da fronteira con Francia, deica a catedral de Compostela. Xacobe, Paula, Jaume e Candela e o resto dos seus compañeiros de clase protagonizan esta aventura durante dezaseis días. Coa mochila ao lombo, combinando traxectos a pé e desprazamentos en autocar, estes peregrinos percorreren un itinerario cultural fascinante. Mais non comezo da súa viaxe, un dos monitores que os acompaña, un personaxe moi peculiar, alértalos de que un perigo sobrevoa a cidade compostelá. Será certo?



O esconxurador

Xesús Manuel Marcos
Colección Costa Oeste
Editorial Galaxia
108 páxinas

Esta novela de Xesús Manuel Marcos (Seoane do Cauril, Lugo, 1967) arecende a medo, intriga e pasado, tres dos mellores ingredientes para manter ao lector xuvenil preso a unha cadeira, co libro aberto diante dos seus ollos. Unha historia que tende pontes entre tempos e que atrapa ao lector ata o final.



Un mundo raro

Mª José Ferrada Lefenda
Ilustracións de Nicolai
Troshinsky. Traducción de
Xosé Ballesteros
Kalandraka Editora
Lectores dende 10 anos

Existe un mundo que brota da cabeza e tamén dos pés, das orellas, dos oídos dos protagonistas deste libro. Son nenos e nenas que inventan bolboretas para adornar os seus paseos ou debuxan o sol no medio do inverno... Constrúen un mundo á súa medida.



Aniversario na ría de Vigo

Pepe Carreiro
Colección Os Bolechas
Edicións A Nosa Terra
Primeiros lectores


Pepe Carreiro aproveita esta nova entrega das aventuras de Os Bolechas para invitar aos lectores a unha viaxe por Vigo e a súa ría. Os nosos populares protagonistas teñen que mercarlle un agasallo ao seu amigo Xiu-xiu, que vive en Vigo. Os principais monumentos e lugares de interese de Vigo desfilan polas páxinas.



Os poderes máxicos de Aitema

Concha Blanco
Colección
Árbore/Galaxia
Editorial Galaxia
Lectores dende 8 anos

Aitema é un ser moi especial e singular porque ten ás para voar, aletas para nadar e pés para camiñar, un ser único e irrepitible que non teme os bichos, nin o aire nin a area. Aitema é obra de Concha Blanco (Cee, A Coruña, 1950)



La Ardilla Miedosa, nova colección infantil

Os contos son obra de Mélanie Watt

REDACCIÓN

A Editorial Almadraza Infantil y Juvenil publica os dous primeiros títulos da colección protagonizada por un esquío que ten moito medo, personaxe creado pola canadense Mélanie Watt. Este esquío protagonista é inseguro e asustadizo, nunca se alonxa do seu carballo porque é demasiado perigoso: podería topar con tarántulas, marcianos verdes, xérmenes ou abellas asasinas. Por iso prefire ficar na súa árbore, onde ten preparado un equi-

po de emerxencia e un plan de fuga. Pero unha serie de aventuras inesperadas e emocionantes racharán todos os plans e obrigarán ao esquío a explorar o mundo descoñecido.

Estes libros tratan os medos infantís máis frecuentes pero dun xeito extremadamente divertido, xa que Watt reduce ao absurdo cun humor irónico e atrevido. A autora combina nas aventuras imaxes e texto mediante viñetas, esquemas e todo tipo de listas que plasman a peculiar personalidade do protagonista. Esta colección está dirixida a nenos entre 4 e 8 anos.

